



## ACTA DE DITAME DO XURADO DO XXIII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, IX PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E XII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES

LUGAR: sala de xuntas Agadic (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago)

DATA: 2 de novembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19.00 h

HORA DE REMATE: 23.30 h

ASISTENTES: Ángel Eugenio Abuín González, Santiago Cortegoso Calvar, Camilo Franco Iglesias, Inmaculada López Silva, Venancio Rodríguez Asorey, María Torres Fernández e Marcelina Calvo Domínguez.

- Seguindo as bases da convocatoria do XXIII premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, IX Manuel María de literatura dramática infantil e XII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 16 de decembro de 2015 e publicada no DOG do 28 de decembro de 2015, nº 246), o xurado, constituído polos membros que se relacionan de seguido segundo a resolución da dirección da Agadic do 25 de abril de 2016, reúnese para fallar os premios na súa edición 2016.

- **Ángel Eugenio Abuín González**, presidente
  - **Santiago Cortegoso Calvar**, vogal
  - **Camilo Franco Iglesias**, vogal
  - **Inmaculada López Silva**, vogal
  - **Venancio Rodríguez Asorey**, vogal
  - **María Torres Fernández**, vogal
- Actúa como secretaria, **Marcelina Calvo Domínguez**

- Valorados os textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XXIII premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título **Suite Artabria** (Lema: Olalla), nº de rexistro: 544.

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Manuel María Lourenzo Pérez**

Apunta o xurado que *Suite Artabria* concíbese como un roteiro por algún dos espazos máis representativos da cidade da Coruña. Cada unha das tres pezas que compoñen a obra sitúase nun barrio da cidade. *Orzán*, *O fulgor das Atochas* e *Alerta na Rúa do Pozo* preséntannos personaxes absolutamente recoñecibles na realidade actual: perdedores, buscavidas, amargados, especuladores e corruptos enfróntanse a situacións límite nas que a vida parece darlles unha nova oportunidade, sempre frustrada dalgún modo por circunstancias adversas. Pero o verdadeiro protagonista de *Suite Artabria* é a mesma cidade, pois a acción se desenvolve en escenarios cotiáns que condicionan o rumbo dos seus habitantes. A tonalidade da obra, que lles confire unidade ás tres pezas a modo dunha suite musical, introdúcenos nunha atmosfera abafante que se concreta no emprego dunha linguaxe directa mais por momentos poética, moi axeitada para expresar, lonxe de todo costumismo, a deriva destes seres tristes e ao mesmo tempo dispostos a todo para garantir a súa supervivencia. *Suite Artabria* constitúese entón nun mapa sombrío onde atopar a existencia auténtica dun mundo que case sempre permanece oculto para a ollada do espectador.



